

En Carballedo, a 11 de novembro de 2016.- O Alcalde, Julio M. Yebra-Pimentel Blanco.

R. 3484

LUGO

Anuncio

Por medio do presente faise público que a Xunta de Goberno Local núm. 16/686 de data 19 de outubro de 2016 e núm. 6/742 de data 09 de novembro de 2016 , **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Que se proceda á convocatoria para o exercicio 2016 das axudas económicas individuais para clubs, asociacións e entidades deportivas sen ánimo de lucro para a promoción e o fomento do deporte e actividade física no Concello de Lugo de conformidade coas bases establecidas neste procedemento de concorrencia competitiva.

SEGUNDO.- Aprobar o gasto de 130.000 € a que ascende o importe total destas subvencións que se outorgarán por parte de Deportes con cargo á aplicación orzamentaria 34100.48900 (RC/73703/16)

TERCEIRO.- Esta convocatoria rexerese polo establecido nas seguintes

BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA A PROMOCIÓN E O FOMENTO DO DEPORTE E ACTIVIDADE FÍSICA NO CONCELLO DE LUGO-EXERCICIO 2016

Artigo 1.- OBXECTO E FINALIDADE DA SUBVENCIÓN

O obxecto desta convocatoria é a concesión de axudas económicas a clubs e entidades deportivas e demais asociacións sen ánimo de lucro co fin de fomentar a práctica deportiva no termo municipal, durante o ano 2016.

Para o non previsto nestas bases, será de aplicación a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a Ordenanza xeral municipal reguladora da concesión de subvencións, as bases de execución do presuposto municipal e demais normativa legal de aplicación.

Artigo 2.- ENTIDADES BENEFICIARIAS. REQUISITOS

Poderán acollerse a esta convocatoria de subvencións todos os clubs, asociacións ou entidades sen ánimo de lucro que cumpran os seguintes requisitos:

- 1) Estar legalmente constituídos e domiciliados no concello de Lugo.
- 2) Os clubs, asociacións ou entidades sen ánimo de lucro deberán estar inscritos no Rexistro municipal de asociacións.
- 3) Estar ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería Xeral da Seguridade Social e o Concello de Lugo, respectivamente.
- 4) Non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de persoa beneficiaria das subvencións previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- 5) Ter debidamente xustificadas os gastos correspondentes a subvencións concedidas con anterioridade polo Concello de Lugo.
- 6) Os clubs, asociacións ou outras entidades que no ano 2016 perciban outra subvención municipal para o seu desenvolvemento ou diferentes programas quedan excluídos desta convocatoria a excepción daqueles clubs que teñan unha subvención nominativa para a organización dun evento deportivo puntual que o Concello considere de marcado interese municipal, ou ben para os actos deportivos do San Froilán, sempre que a contía da nominativa non supere os 13.000 euros, poderán optar ás subvencións desta convocatoria polo desenvolvemento do programa deportivo que o club realice ao longo da tempada deportiva vixente (participación en ligas oficiais, campionatos, trofeos, etc.
- 7) Ter tramitadas e en vigor ante a Federación correspondente, un mínimo de 10 licencias.

Artigo 3.- CRÉDITOS ORZAMENTARIOS E CONTÍA DAS SUBVENCIÓNS

No orzamento municipal para o exercicio 2016 existe consignación orzamentaria para a concesión de subvencións polo departamento seguinte:

SERVIZO	PARTIDA	IMPORTE
Deportes	34100.48900	130.000 €

No artigo 6º especificanse as contías máximas que se poderán obter en función da puntuación acadada.

Artigo 4.- FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

1. As solicitudes dos clubs, entidades ou asociacións interesadas presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Lugo ou ben utilizando os medios establecidos na Lei 39/2015, do 10 de outubro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, no prazo de **quinze días naturais**, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio de aprobación destas bases no Boletín Oficial da Provincia por conducto da "BDNS". Estas tamén se publicarán no Taboleiro de Anuncios Municipal e na páxina web do Concello de Lugo; se ben, a publicación no BOP por conducto da "BDNS" será a data que se terá en conta para os efectos de presentación de solicitudes. Acompañaranse dos documentos e informacións que se sinalan no parágrafo 2º deste artigo, agás que estes estivesen xa en poder do Concello. Farase constar neste caso a data e dependencia ou órgano ante o que se presentaron, e non poderán ter transcorridos máis de cinco anos dende a finalización do procedemento ao que correspondan.

2. Os clubs, asociacións ou entidades interesados deberán acompañar á solicitude (**non se admitirá máis dunha solicitude por cada club, asociación ou entidade**) a seguinte documentación:

1) Solicitude en modelo normalizado xeral (ANEXO I) subscrita pola persoa que represente de forma legal ao club, asociación ou entidade, xunto co compromiso de destinar a subvención á execución do obxectivo, proxecto ou actividade solicitada.

2) Fotocopia do DNI da persoa que presenta a solicitude e, se é o caso, documento acreditativo da representación que posúe no club, entidade ou asociación solicitante.

3) Anexo II específico para Deportes, xunto coa documentación que figura nel.

4) Declaración responsable de (ANEXO III):

- non atoparse inhabilitada ou inhabilitado ou estar incurso/o en prohibición para acceder á condición de beneficiaria/o de subvencións do Concello de Lugo, de conformidade co establecido no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, nin do artigo 13 da Lei 38/2003, xeral de subvencións.

- estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e de seguridade social. (Nos supostos nos que, tras a tramitación da solicitude, resulte que o importe da subvención proposta exceda de 3.000 euros, de conformidade co artigo 22 e 24 do Real decreto 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a entidade interesada deberá achegar, se así o solicita a unidade administrativa xestora e antes da proposta de resolución, certificacións de atoparse ao corrente das obrigas tributarias fronte á Axencia Estatal da Administración Tributaria, á Tesourería Xeral da Seguridade Social e ao Concello de Lugo, respectivamente).

- ter ou non, solicitado ou percibido, outras subvencións ou axudas por parte doutras entidades públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras, para o financiamento da actividade para a que se solicita a subvención.

5) Certificación bancaria na que figure o número de conta da entidade solicitante e na que solicita que se lle ingrese a subvención.

6) Calquera outro documento que se considere de interese para a mellor avaliación da solicitude de subvención.

O Concello poderá solicitar, se así fose oportuno para a resolución do procedemento, calquera outro documento que estime conveniente.

3. Se a solicitude non acredita os requisitos ou non achega a documentación indicada, requiriráselle á/ao interesada/o para que emende as deficiencias observadas no prazo máximo improrrogable de dez días hábiles, indicándolle que se non o fixese se lle terá por desistido da súa petición, e arquivarase o expediente sen máis trámites, tras a resolución ditada nos termos previstos no artigo 71 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 5.- PROCEDEMENTO

O procedemento para a concesión das subvencións previstas nestas bases axustaranse ao establecido na Ordenanza municipal de subvencións, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

1.- Presentadas as solicitudes no Rexistro Xeral Municipal, remitiráselle á Oficina de Deportes.

Esta dependencia remitiralle un listado das solicitudes presentadas á Oficina de Participación Cidadá, para que esta oficina emita informe onde faga constar si os clubs ou asociacións solicitantes, están inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións e realizaron a comunicación anual de datos (orzamento, programa de actividades, número de socios e cambios na Xunta Directiva si os houbera).

Non se poderá solicitar subvencións para a realización dun proxecto ou actividade específica que xa se solicitase noutra área municipal para a mesma finalidade.

2.- O órgano instructor será un técnico ou unha técnica competente do servizo correspondente que realizará as actuacións que se sinalan no artigo 28 da ordenanza.

3.- A comisión de valoración, constituída para o efecto en cada servizo, terá a seguinte composición:

- Presidenta/e: a/o Encargado de Instalacións Deportivas.

- Vogais: unha persoa, funcionaria ou persoal laboral, do correspondente servizo que se designe para estes efectos.

- Secretaria/o: unha persoa técnico municipal do Servizo de Deportes designado para o efecto.

4.- De conformidade co establecido na base 24ª das bases de execución do presuposto municipal, o órgano competente para resolver o procedemento é a Xunta de Goberno Local.

5.- O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento será de seis meses, contados a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria no Diario Oficial de Galicia. Transcorrido o dito prazo sen que se adopte resolución expresa, poderase entender desestimada. A resolución porá fin á vía administrativa, e contra ela as persoas interesadas poderán interpoñer recurso de reposición ante o mesmo órgano ou ben, alternativamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado Contencioso-Administrativo de Lugo.

6.- Non se admite a reformulación das solicitudes para os supostos nos que a subvención concedida sexa inferior á que figura na solicitude.

7.- A aceptación da subvención concedida entenderase efectuada se no prazo de quince días hábiles, contados a partir do seguinte hábil ao da notificación, non renunciase a ela expresamente mediante escrito dirixido ao órgano concedente.

8.- Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións doutras administracións públicas ou entidades privadas, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.

9.- As subvencións que se outorguen ao abeiro desta convocatoria serán compatibles con outras para a mesma finalidade sen que en ningún caso o importe total subvencionado poida superar o 95% do custo total da actividade. O 5% do gasto proposto na solicitude presentada deberá financiarse, exclusivamente, polo club, asociación ou entidade. No caso de existir sobrefinanciamento, a/o beneficiaria/o deberá proceder ao reintegro da contía concedida polo Concello de Lugo na cantidade que exceda do custo da actividade.

10.- As actividades obxecto de subvención poderán ser obxecto de subcontratación nos termos establecidos no artigo 29 da Lei 38/2003 xeral de subvencións.

Artigo 6.- PUBLICIDADE DAS SUBVENCIONES CONCEDIDAS

Procederase á publicación da concesión das subvencións outorgadas de conformidade co establecido no artigo 8 da Ordenanza xeral municipal reguladora da concesión de subvencións.

Artigo 7.- CRITERIOS DE VALORACIÓN E CONTÍA DA SUBVENCIÓN

A concesión ou denegación das subvencións así como a súa cuantificación económica efectuaranse tendo en conta os seguintes criterios, distribuíranse máximo 8 puntos en proporción o número de licencias tramitadas, baseándose nos certificados emitidos polas propias federacións:

- | | | |
|---|--|------------------------|
| • | | • <u>PUNTOS</u> |
| • - Por número de deportistas federadas/os (mínimo 10 máximo 300 licencias) | | • Ata 8 |
| • - Por número de deportistas femininas federadas | | • Ata 1 |
| • - Que se trate de actividades que presenten, a xuízo da comisión de avaliación, unha traxectoria de coordinación e colaboración nas súas actuacións co Concello | | • Ata 3 |
| • | | |
| • <u>PUNTUACIÓN MÁXIMA</u> | | • <u>12</u> |

As contías máximas que concederá a Concellería de Deportes en función da puntuación obtida serán as seguintes:

De 1 a 4 puntos: máximo 2.500 €

De 4,01 a 8 puntos: máximo 5.000 €

De 8,01 a 12 puntos: máximo 7.500 €

*O valor de cada punto é igual en todos os tramos = 625 €

O órgano competente para resolver, logo de xustificación razoada, poderá proceder ao rateo, entre as/os beneficiarias/os da subvención, do importe global máximo establecido na convocatoria, segundo se establece no artigo 22 da Lei 38/2003.

Artigo 8.- GASTOS SUBVENCIONABLES

Considéranse gastos subvencionables aqueles que de maneira indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen con anterioridade á finalización do período de xustificación.

Serán subvencionables os gastos correntes necesarios para o desenvolvemento da actividade tales como: licenzas federativas, mutualidade, arbitrxes, material deportivo, alugamentos, gastos de desprazamentos, gastos de pequenas reparacións, mantemento e conservación de bens propios ou alugados, adquisición de material non inventariable, subministracións (gas, electricidade, teléfono, combustible...) vestiario, produtos alimenticios, sanitarios... e outros gastos diversos como publicidade, imprenta e calquera outro gasto relacionado co obxecto estrito da subvención.

Tamén serán subvencionables os gastos de persoal necesario para o desenvolvemento dos programas e actividades subvencionadas ata un máximo do 20% do importe da subvención concedida.

Tamén serán subvencionables as axudas de custo ou indemnizacións do persoal colaborador para o desenvolvemento da actividade tales como: adestradoras/es, delegadas/os de equipo, encargadas/os de material, etc., ata un máximo do 30% do importe da subvención concedida.

Os gastos de publicidade, comunicación (sobres, selos, folios, bolígrafos, etc.) terán como límite o 5% do importe da subvención concedida.

Non se admitirán facturas ou documentos de valor probatorio para xustificar estas subvencións, que sexan emitidos por membros da Xunta Directiva do club ou asociación que se subvenciona.

Non serán subvencionables gastos de bebidas alcohólicas ou calquera outro produto que sexa prexudicial para a saúde.

Non serán subvencionables os gastos de investimento, tales como adquisición, construción e reforma de bens inventariables.

En ningún caso serán gastos subvencionables os xuros debedores de contas bancarias, xuros, recargas e sancións administrativas e penais e os gastos de procedementos xudiciais.

Artigo 9.- XUSTIFICACIÓN DO GASTO E PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN

Concedida a subvención, e para proceder ao seu cobro, os clubs, asociacións ou entidades beneficiarias deberán presentar no Rexistro Xeral do Concello dirixido a Deportes a seguinte documentación acreditativa da realización da actividade, obxectivo ou adopción do comportamento:

a) Memoria explicativa e detallada da realización da totalidade da actividade, obxectivo ou adopción do comportamento, con expresa mención dos resultados obtidos (segundo modelo do ANEXO V). Deberase xuntar, se é o caso, exemplar de cada un dos folletos, carteis, fotos, etc., que se editasen ou publicasen en relación coa actividade subvencionada. **No caso de que se xustifique a través de gastos de desprazamento/aloxamento deberán especificarse os usuarios, motivo e lugar e no caso de que se xustifique a través de gastos de teléfono e combustible as facturas deberán estar identificadas a nome da entidade beneficiaria da subvención e deberá acreditarse a relación coa actividade subvencionada e co beneficiario da subvención, adxuntando calendario oficial de competicións, identificación do vehículo así como a súa titularidade pola asociación ou entidade beneficiaria, e a aplicación-íntegra ou parcial do gasto á actividade ou programa subvencionado.**

b) Facturas e demais documentos de valor probatorio, de conformidade coas bases de execución do presuposto e R. d. 1496/2003, do 28 de novembro, do Ministerio de Economía e Facenda, que se presentarán en documento orixinal, **coa acreditación do pago mediante transferencia con xustificación da entidade bancaria cando se trate de gastos superiores a 300 €.** As facturas deberán conter un desglose dos artigos subministrados, servizos prestados incluíndo os prezos descompostos.

No caso de recibos a nomes de persoas ou outros documentos de valor probatorio deberán vir acompañados da acreditación documental do perceptor das cantidades e dos servizos ou traballos realizados, igualmente deberán acompañarse de ser posible de actas, publicacións ou similares xustificativas das cantidades satisfeitas e perceptores das mesmas. No caso de que estas cantidades superen os 300 euros deberán xustificar o cumprimento da normativa tributaria.

Os documentos presentados deberán ser validados e selados polo servizo municipal xestor do expediente administrativo cun selo existente para o efecto, no que conste que a factura ou documento se aplica á xustificación - na porcentaxe que corresponda en cada caso - da subvención concedida. Se se presentasen fotocopias, deberán ser compulsadas polo servizo xestor, de conformidade co que se establece nas bases de execución do presuposto.

Deberán presentarse, ademais das facturas correspondentes ao gasto subvencionado polo Concello, as facturas correspondentes ao 5% do gasto total proposto na solicitude presentada a que se lle outorga a

subvención. Este 5% debe ser asumido, exclusivamente, polo club, asociación ou entidade, pois non é subvencionable por administración ou entidade pública ou privada ningunha.

Có obxecto de verificar que non hai sobrefinanciamento, xunto coa memoria presentarase un presuposto final de ingresos e gastos referidos ó exercicio 2016.

c) Declaración xurada dos seguintes aspectos (segundo modelo do ANEXO IV):

- que as facturas non foron nin serán presentadas como xustificación - na porcentaxe subvencionada polo Concello de Lugo - doutra subvención pública ou privada.

- ter recibido ou non outras subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras, para a mesma finalidade.

- que a realización da actividade, proxecto, obxectivo, programa ou a adopción de comportamento se efectuou nos termos establecidos na memoria presentada.

- estar ao corrente das obrigas tributarias e de Seguridade Social.

- que todos os gastos presentados como xustificación aboáronse efectivamente.

- que os impostos indirectos devindicados (IVE) non teñen a condición de recuperabilidade ou compensatoriedade.

e) Declaración xurada de que a asociación ou entidade lle comunicou ao Servizo de Participación Cidadá o orzamento, programa de actividades e número de persoas asociadas correspondente ao ano 2016.

A data límite para xustificar a subvención concedida será a do **31 de marzo de 2017**. As facturas que se presenten como xustificación da subvención concedida serán unicamente do ano 2016. No caso de non presentar a xustificación dentro deste prazo, incoarase expediente de anulación do correspondente compromiso que comportará a perda do dereito de cobro da subvención.

O pagamento da subvención realizarase mediante transferencia bancaria a conta facilitada polo perceptor da subvención.

O prazo máximo de pagamento será de trinta días a contar dende a contabilización da resolución pola que se produza o recoñecemento da obriga, agás circunstancias extraordinarias que deberán acreditarse no expediente e que poidan xustificar a ampliación deste prazo.

Non se realizarán pagos a conta nin anticipados.

Non é admisible como gasto xustificativo o que non teña que ver directamente coa actividade (unha viaxe xustificárase con facturas de desprazamento e estancia, non con publicidade da actividade, guías, etc.).

Non se admitirán facturas de publicidade nin gastos de comunicación (sobres, selos, folios, bolígrafos, etc.) que supoñan máis do 5% do importe da subvención concedida.

Lémbrase o establecido no artigo 31 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, do 17 de novembro, relativo á obriga de presentar tres presupostos ou ofertas para xustificación do gastos de servizos e subministracións de contía superior aos 12.000 euros, para os casos así establecidos neste artigo.

Artigo 10.- OBRIGAS DAS PERSOAS OU ENTIDADES BENEFICIARIAS

Serán obrigas das/os beneficiarias/os das axudas as sinaladas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no artigo 11 da Ordenanza municipal de subvencións, e ademais:

- A presentación do calendario das actividades, así como a publicidade, a difusión, o soporte informático, as publicacións, etc., deberán figurar en idioma galego, sempre que sexa posible.

- Facer constar na publicidade, difusión, publicacións, etc., que se xeren que as actividades (cando se realicen con posterioridade á data da concesión da subvención) están subvencionadas polo Concello de Lugo. Para estes efectos engadirase o logotipo do Concello de Lugo en carteis, dípticos, folletos, etc.

- Ter comunicado, se é o caso, ao Rexistro municipal de asociacións do Concello de Lugo o orzamento, programa de actividades e número de socias/os correspondente ao ano 2016.

Artigo 11.- RÉXIME DE INFRACCIÓNS E SANCIÓN

1.- Constituen infraccións administrativas en materia de subvencións as accións e omisións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e serán sancionables incluso a título de simple negligencia.

2.- As infraccións cometidas en materia das subvencións obxecto desta convocatoria sancionaranse mediante a imposición das sancións prevista na dita Lei 38/2003.

3.- O procedemento sancionador axustarase ao previsto no Título IV da dita Lei 38/2003.

4.- A presentación fora de prazo da xustificación, considerase unha infracción leve, de conformidade co establecido nos artigos 52 a 69 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións. A ditos efectos, previa tramitación do expediente oportuno, impondrán as seguintes sancións:

O 10% do importe da subvención concedida, ata un máximo de 450 €, no caso de que se presente a xustificación fora do prazo, con anterioridade a efectuar o requerimento adicional da xustificación.

O 20% do importe da subvención concedida, ata un máximo de 900 €, no caso de que se presente a xustificación no prazo concedido no requerimento adicional.

CUARTO.- ANEXOS

ANEXO I.- IMPRESO ESPECÍFICO DE SOLICITUDE DE SUBVENCIONES PARA ENTIDADES DEPORTIVAS SEN ANIMO DE LUCRO PARA A PROMOCION E O FOMENTO DO DEPORTE E ACTIVIDADE FISICA NO CONCELLO DE LUGO.

ANEXO II.- DOCUMENTACION ESPECIFICA PARA CONCELLERIA DE DEPORTES.

ANEXO III.- DECLARACION XURADA PARA OS EFECTOS DE SOLICITAR SUBVENCIONES.

ANEXO IV.- DECLARACION XURADA PARA OS EFECTOS DE XUSTIFICAR SUBVENCIONES.

ANEXO V.- MEMORIA PARA ACTIVIDADES DEPORTIVAS



ANEXO I.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓNS PARA ENTIDADES DEPORTIVAS SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA A PROMOCIÓN E O FOMENTO DO DEPORTE E ACTIVIDADE FÍSICA NO CONCELLO DE LUGO PARA O ANO: _____

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

NOME e APELIDOS:		NIF/NIE:	
ENDEREZO:		CONCELLO:	
PROVINCIA:	CÓDIGO POSTAL:	TELÉFONO:	CORREO ELECTRÓNICO:
<input type="checkbox"/> Autorizo ao Concello de Lugo para que me informe mediante SMS ou correo electrónico do estado desta solicitude así como doutro tipo de avisos relacionados que me poidan resultar de interese.			

ENDEREZO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

ENDEREZO:			
CONCELLO:	PROVINCIA:	CÓDIGO POSTAL:	

DATOS DA ENTIDADE DEPORTIVA

NOME:		CIF:	Nº REXISTRO MUNICIPAL:
Nº REXISTRO XUNTA:	ENDEREZO SOCIAL		CONCELLO:
PROVINCIA:	CÓDIGO POSTAL:	TELÉFONO:	CORREO ELECTRÓNICO:
CARGO DA PERSOA SOLICITANTE:			

IMPORTES SOLICITADOS

Para sufragar parte do gasto que xera a realización da actividade programada pola entidade deportiva	
--	--

*** Soamente se poderá presentar unha solicitude por asociación ou entidade**

Acepto o compromiso de destinar a subvención que se conceda á execución do proxecto, obxectivo ou actividade solicitada, así como todos os compromisos e obrigas derivadas da lexislación aplicable e das bases reguladoras e convocatoria de subvencións para o exercicio en curso.

Lugo,..... de de

A PERSOA SOLICITANTE

(DNI da persoa solicitante e selo da asociación/entidade)

NOTA: verifique a documentación para presentar con esta solicitud, segundo os modelos definidos na convocatoria

Xuntaráselle a esta solicitud a documentación sinalada a continuación, que se presentará conforme os modelos nos ANEXOS.

DOCUMENTACIÓN:

- * Fotocopia do DNI da persoa solicitante
- * Copia do documento acreditativo da representación que ten a persoa solicitante na entidade ou asociación.
- * Certificación dos datos bancarios

ANEXOS:

- * ANEXO II (adxuntando certificado da Federación)
- * ANEXO III

**ANEXO II****LICENZAS DEPORTISTAS FEDERADOS/AS****1. CATEGORÍA NAS QUE MILITAN**

(Indicar as categorías nas que participaron os distintos equipos da entidade nas distintas competicións oficiais)

EQUIPO	CATEGORÍA	N.º FICHAS	
		MASC.	FEM.
TOTAL			

2. LICENZAS DEPORTISTAS MUTUALIZADAS/OS EN IDADE ESCOLAR

EQUIPO	CATEGORÍA	Nº FICHAS	
		MASC.	FEM.
TOTAL			

3. OUTRAS ACTIVIDADES DEPORTIVAS REALIZADAS**4. ACTIVIDADES DEPORTIVAS QUE PRETENDE ORGANIZAR NO ANO E SUBVENCIÓN QUE PRECISARÍA**

5. OUTRA DOCUMENTACIÓN PARA ACHEGAR

Certificado da federación no que deben figurar:

Número de licenzas ou deportistas federadas/os

Categoría na que militan os diferentes equipos.

Indicación de equipos femininos e masculinos

(todos os datos serán referidos á tempada 15/16)

Lugo, ____ de _____ de _____

A PERSOA SOLICITANTE

(DNI da persoa solicitante e selo da asociación/entidade)

**ANEXO III****MODELO DE DECLARACIÓN XURADA PARA OS EFECTOS DE SOLICITAR SUBVENCIÓN**

D.ª/D. _____ co NIF nº _____, en calidade de
 _____ da asociación/entidade
 _____ con endereço social en _____
 _____ de Lugo e con CIF nº _____

DECLARO:

1º.- Esta entidade non se atopa inhabilitada nin está incursa en ningunha das causas de prohibición para acceder á condición de beneficiaria de subvencións do Concello de Lugo, de conformidade co establecido no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, nin do artigo 13 da Lei 38/2003, xeral de subvencións.

2º.- Esta entidade está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e de Seguridade Social.

3º.- Esta entidade (si ou non) (riscar o que non proceda) solicitou ou recibiu outras subvencións ou axudas por parte doutras entidades públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras, para o financiamento da actividade para a que se solicita a subvención. En caso afirmativo, indicar procedencia e contía.

4º.- As actividades, proxectos ou programas para os que se solicita a subvención vanse efectuar nos termos establecidos no proxecto da actividade ou programa que presenta.

5º.- Esta entidade comunicoulle á Oficina de Participación Cidadá o orzamento, programa de actividades e número de socios correspondentes ao ano 201

Lugo,..... de de

Secretaria/o da asociación/entidade

V. e pr. (presidenta/e)

(DNI da persoa asinante e selo da asociación/entidade)

**ANEXO IV****DECLARACIÓN XURADA PARA OS EFECTOS DE XUSTIFICAR SUBVENCIONS**

D.^a/D. _____ co NIF nº _____, en calidade de
 _____ da asociación/entidade
 _____ con enderezo social en _____
 _____ de Lugo e con CIF nº _____

DECLARO:

- Que as facturas non foron nin serán presentadas como xustificación -na porcentaxe subvencionada polo Concello de Lugo- doutra subvención pública ou privada.

- Que a realización da actividade, proxecto, obxectivo, programa ou a adopción de comportamento se efectuou nos termos establecidos na memoria presentada.

- Estar ao corrente das obrigas tributarias e de Seguridade Social.

- Que todos os gastos presentados como xustificación se aboaron efectivamente.

- Que os impostos indirectos devindicados (IVE) non teñen a condición de recuperabilidade ou compensatoriedade.

- Ter recibido ou non outras subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras, para a mesma finalidade (**riscar o que non proceda**). En caso afirmativo, indicar procedencia e contía:

- Esta entidade comunicoulle ao servizo de Participación Cidadá o orzamento, programa de actividades e número de socias e socios correspondente ao exercicio 201.

- As facturas presentadas non son emitidas por ningún membro da asociación.

•
 Lugo,..... de de

• **Secretaria/o da asociación/entidade** **V. e pr. (presidenta/e)**

•

•

•

• (DNI da persoa asinante e selo da asociación/entidade)

**ANEXO V****MEMORIA PARA ACTIVIDADES DEPORTIVAS****1. CATEGORÍA NAS QUE MILITAN**

(Indicar as categorías nas que participaron os distintos equipos da entidade nas distintas competicións oficiais)

EQUIPO	CATEGORÍA	Nº FICHAS	
		MASC.	FEM.
TOTAL			

2. DESPRAZAMENTOS

(engadir copia calendarios oficiais)

DATA	MOTIVO E LUGAR DE DESPRAZAMENTO

3. CLASIFICACIÓN DEPORTIVA ACADADA

• EQUIPO	• CATEGORÍA	• CLASIFICACIÓN
•	•	•
•	•	•
•	•	•
•	•	•
•	•	•

Lugo, ____ de _____ de _____

• Secretaria/o da asociación/entidade

V. e pr. (presidenta/e)

QUINTO.- Que se proceda á publicación no Boletín Oficial da Provincia e na páxina web do Concello de Lugo desta resolución con indicación de que esta pon fin á vía administrativa, e contra ela poden interpoñer os seguintes recursos:

Contencioso-administrativo ante ao Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo (artigo 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo) nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ao da notificación deste acto, o cal pon fin á vía administrativa (artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo).

Non obstante o anterior, e con carácter previo a esta resolución, poderase interpoñer:

O recurso potestativo de reposición previsto no artigo 116 da Lei 39/1991, do 26 de novembro, ante a Alcaldía e no prazo de UN MES, contado dende o día seguinte ao da notificación deste acto.

Sen prexuízo de que a/o interesada/o poida interpoñer calquera outro recurso ou reclamación que estime conveniente ao seu dereito.

Así mesmo, déaselles traslado ás dependencias e aos servizos municipais afectados.

O que se fai público para xeral coñecemento, a fin de que **os interesados poidan presenta-las solicitudes que estimen oportunas, no prazo de QUINCE DÍAS NATURAIS** contados a partir do día seguinte ó da publicación do anuncio destas bases no Boletín Oficial da Provincia (BOP) por conducto da "BDNS". Estas tamén se insertarán no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina Web do Concello de Lugo.

En Lugo a 10 de novembro de 2016.- O TENENTE DE ALCALDE DELEGADO DA ÁREA DE MEDIO RURAL E DEPORTES, Miguel Fernández Méndez

R. 3432

Anuncio

Por medio do presente faise público que a Xunta de Goberno Local núm. 17/687 de data 19 outubro de 2016 e núm. 7/743 de data 09 de novembro de 2016, **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Que se proceda á convocatoria para o exercicio 2016 das axudas económicas individuais para axuda de gastos por aloxamentos, desprazamentos a competicións e reforzo académico para as persoas con talento deportivo de conformidade coas bases establecidas neste procedemento de concorrencia competitiva.

SEGUNDO.- Aprobar o gasto de 24.000 € a que ascende o importe total destas subvencións que se outorgarán por parte de Deportes con cargo á aplicación orzamentaria 34100.48900 (RC: 73705/16).

TERCEIRO.- Esta convocatoria rexerese polo establecido nas seguintes

BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS ECONÓMICAS INDIVIDUAIS PARA O EXERCICIO 2016 PARA PERSOAS CON TALENTO DEPORTIVO

Primeira.- Obxecto da convocatoria

Esta convocatoria ten por obxecto regular para o exercicio 2016 a concesión de axudas económicas individuais para deportistas con talento que ao longo do ano anterior á publicación destas bases destacaran pola súa participación en eventos deportivos con resultados relevantes, tanto a nivel autonómico ou nacional, co fin de apoiar a práctica e mellora do rendemento deportivo nas respectivas modalidades, así como os gastos derivados do necesario reforzo académico.

Segunda.- Contía e crédito orzamentario

Esta convocatoria conta con crédito orzamentario de 24.000 euros, na aplicación 34100.48900.

Terceira.- Requisitos das persoas solicitantes

- 1.- Ser deportista afeccionado/a, nados entre 1997 e 2002 inclusive (exceptuando deportistas con discapacidade para os/as que non haberá límite de idade).
- 2.- Estar federado/a no período para o que se solicita a axuda, dentro da modalidade que practique, nun club do Concello de Lugo.
- 3.- Estar empadroad/a no Concello de Lugo ao longo do ano anterior á publicación destas bases.
- 4.- Ter acreditados resultados deportivos para valorar, referidos ao ano anterior da publicación destas bases.
- 5.- Estar ao corrente nas obrigas tributarias coa facenda estatal, autonómica e local, así como estar ao corrente das obrigas coa Seguridade Social.
- 6.- Non estar incurso/a en prohibición para obter a condición de beneficiario/a das subvencións de conformidade co artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.